

PLAN ANUAL DE LECTURA

CEIP PEDRO ANTONIO CERVIÑO

2019 / 2020

1. OBXECTIVOS. FUNDAMENTACIÓN

- Determinar o nivel de comprensión lectora do alumnado e fomentar a lectura comprensiva formando lectores competentes.
- Fomentar o pracer pola lectura.
- Afianzar técnicas e hábitos de estudo.
- Fomentar técnicas de busca de información e de aprendizaxe autónomo.
- Contribuír ao aprendizaxe e uso das novas tecnoloxías como fonte de información.

2. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA E PARA O TRABALLO COA INFORMACIÓN

O noso centro educativo, CEIP Pedro Antonio Cerviño conta con diversos espazos para a lectura e para a busca de información, sendo a biblioteca o espazo máis importante como fonte principal de recursos da comunidade educativa. Ademais da biblioteca e como prolongación da mesma contamos con bibliotecas de aula, así como unha sección de biblioteca de familias na entrada do centro educativo. Incluímos este ano unha nova sección na que estamos traballando e que se atopa ao carón da biblioteca onde poderemos atopar a zona de prensa e revistas e xogos de mesa.

Referíndonos aos tempos de lectura temos establecida a diario a “Hora de ler”, tempo de vinte minutos de duración despois do recreo destinado á lectura nas súas múltiples posibilidades e tanto na aula coma na biblioteca. Ademais cada aula conta cunha hora de biblioteca semanal onde cada titor asiste co seu grupo para facer préstamos, lectura, busca de información... Outros tempos para ler e buscar información poden ser no tempo adicado ao recreo, xa que a biblioteca permanece

aberta todos os días durante o recreo, e polas tardes os luns, mércores e xoves de 17 a 18 horas.

3. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO

- Potenciar a biblioteca como principal fonte de recursos da información.
- Dotar á biblioteca de fondos de consulta atendendo ás necesidades do alumnado e profesorado e á temática do noso proxecto.
- Expurgo, actualización e centralización das bibliotecas de aula.
- Mellorar a organización e localización dos fondos na biblioteca.
- Actualizar e dinamizar a páxina web da biblioteca escolar.
- Implicar a toda a comunidade educativa nas actividades levadas a cabo.
- Continuar coa dinamización da biblioteca de familias así como a escola de familias.
- Fomentar a colaboración e participación de toda a comunidade educativa.

En referencia aos recursos humanos, o equipo de biblioteca está formando pola meirande parte dos mestres, sendo responsable deste equipo Zaira Pardavila Freire. Este equipo coordínase, colabora e traballa de forma conxunta cos demais equipos existentes no centro educativo, ademais dos programas existentes como Abalar, E-Dixgal, Deporte Escolar...

No relativo á dinamización e promoción dos recursos da biblioteca:

- Dinamización das bibliotecas de aula con préstamos mensuais.
- Exposición de novidades.
- Exposición sobre o proxecto do curso.

- Recomendacións lectoras.
- Páxina web da biblioteca.
- Conmemoración das diversas celebracións con actividades e exposición de fondos relacionados coa temática.

A formación de usuarios abarca a todo o alumnado tanto de infantil como de primaria. As sesións de formación lévanse a cabo ao comezo do curso escolar e o obxectivo fundamental é dar a coñecer ao alumnado a distribución da biblioteca, o seu funcionamento e fomentar a súa autonomía na biblioteca do centro. No presente curso escolar e en coordinación co equipo TICs pretendemos organizar talleres ou sesións formativas “Investigación e Tratamento da Información” co obxectivo de mellorar a competencia informacional e a competencia dixital do noso alumnado.

4. SECCIÓNS

Fóra do espazo da biblioteca contamos coa sección adicada ás familias que se atopa na entrada do centro educativo coa finalidade de facilitar o préstamo. Ao longo deste curso poñeremos en marcha unha nova sección/espazo de continuidade da biblioteca no corredor con divulgación, revistas, prensa, xogos de mesa...

Outras seccións fóra do espazo físico da biblioteca son as bibliotecas de aula, xestionadas polo titor/a de cada aula. Coa finalidade de dinamizar estas seccións realízase un préstamo mensual con fondos da biblioteca.

5. RUTINAS DE LECTURA

- ➔ Hora de ler. Tempo de lectura despois do recreo cunha duración de vinte minutos.
- ➔ Hora de biblioteca. Unha ou varias sesións semanais do grupo clase na biblioteca.

- Apadriñamentos lectores. Participación de todo o alumnado lendo en parellas ou en pequeno grupo. Lévese a cabo un día á semana.
- As familias tamén contan. Participación das familias na lectura en datas sinaladas.
- Mochila viaxeira. Diversos fondos e xogos viaxan aos fogares do noso alumnado para compartir momentos coa familia.

6. RECURSOS HUMANOS

Nas actividades de fomento da lectura intervén todo o equipo docente, as familias e tamén persoas externas ao centro ao contar coa colaboración da Galiña Azul de Campo Lameiro e outros recursos da nosa contorna. Valoramos moito a importancia da participación de toda a comunidade educativa no proceso lector.

7. ITINERARIOS LECTORES

Infantil:

“Un pesadelo no meu armario”. Mercer Mayer.

“Tío Lobo”. Xosé Antonio Ballesteros Rey.

“A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza”. Werner Holzwarth

“A mosca chosca”. Eva Mejuto

1º/2º primaria:

“La bruja Mon”. Pilar Mateos.

“Por cuatro esquinitas de nada”. Jerome Ruillier.

“Si yo tuviera una púa”. Eva Clemente.

“Qué hace un cocodrilo por la noche”. Kathrin Kiss.

3º/4º primaria:

“Fabulosa noche de San Juan”. Joan Manuel Gisbert.

“Un tren cargado de misterios”. Agustín Fernández Paz.

“Un burro hippy”. Xavier López Rodríguez.

“O capitán maimiño”. Antonio Manuel Fraga.

5º/6º primaria:

“Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta”. Leticia Costas.

“Bala perdida”. Manuel Rivas.

“Ojo de nube”. Ricardo Gómez Gil.

“Kusuma”. Héctor Cajaraville.

8. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS

- x Formación de usuarios da biblioteca escolar.
- x Apadriñamentos lectores.
- x Formación “Investigación e tratamento da información” coa finalidade de potenciar a alfabetización múltiple.
- x Proxecto “*ECO BIO SAN: cada día nos cuidamos máis*”
- x Proxectos de aula relacionados coa temática do proxecto.
- x Coloquios e/ou charlas relacionadas co proxecto.
- x Exposicións orais dos proxectos de aula.
- x Exposición de traballos.
- x Celebracións: Día da Biblioteca Escolar, Día do Libro, Día da Paz, Día das Letras Galegas, Día da Poesía, Día do Medio Ambiente...

9. LER EN FAMILIA. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS

- ◆ As familias contan.
- ◆ Mochilas viaxeiras.
- ◆ Escola de familias.

- ◆ Sección biblioteca de familias.
- ◆ Lecturas na Carballeira

10. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Valorarase a implicación do alumnado, do profesorado e das familias así como a participación nas actividades programadas. Os datos recolleranse nas múltiples reunións tanto do equipo de biblioteca como de todo o equipo docente e o consello escolar, ademais da memoria final.

Campo Lameiro, outubro 2019